



## **ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZASETE DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E TRES.**

**Expediente: 2023/G010/00011**

En Valdoviño, sendo as 12 horas e 30 minutos do día dezasete de xuño de dous mil vinte e tres, reuniuse no edificio da Casa de Cultura, os señores/as que a continuación se relacionan que foron designados concelleiros/as pola Xunta Electoral de Zona de Ferrol, como consecuencia das últimas eleccións locais celebradas o 28 de maio de 2023 e que son as seguintes:

Alberto González Fernández  
Rosa Ana García López  
Sergio Saavedra Gutiérrez  
Benito Manuel Vega Fernández  
Tamara Sabín Caamaño  
Alejandro Antonio García Sousa  
Germán Gómez Senra  
Ana María Díaz López  
Ana Angeles Arroyo Pérez  
Cristóbal Colón Leira  
Kristel Testa Ameneiros  
Andrés Rodríguez Rodríguez  
Verónica Hermida García

Asistindo tamén dona Carlota González Navarro, secretaria municipal

ORDE DO DIA

### **UNICO.- CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN**

A señora secretaria xeral da Corporación comeza a sesión coa seguinte intervención:

“Informo aos asistentes de que se vai proceder á celebración da sesión constitutiva da corporación municipal de conformidade cos resultados das eleccións que tiveron lugar o pasado día 28 de maio de 2023. segundo o sinalado nos artigos 195-2 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, e 37.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, rógolle os/as concelleiros/as electos/as de máis idade e de menos idade, que segundo os datos existentes na secretaría xeral resultan ser don Benito Manuel Vega Fernández e dona Tamara Sabín Fernández, que pasen a presidir a mesa”.

## .- CONSTITUCIÓN DA MESA DE IDADE E COMPROBACIÓN DE CREDENCIAIS.-

Constitúese a mesa de idade cos concelleiros de maior a menor idade, actuando de secretaria a da Corporación: preside a mesa o concelleiro de maior idade. Por razón de funcionalidade a súa esquerda colócase o de menor idade e a súa dereita a señora secretaria.

Intervén o Presidente sr. Vega dicindo: Bos días a todos e a todas, ábrese a sesión.

A señora secretaria lee a relación de concelleiros electos proclamados pola Xunta Electoral:

Alberto González Fernández (PSdeG-PSOE)  
Rosa Ana García López (PSdeG-PSOE)  
Sergio Saavedra Gutiérrez (PSdeG-PSOE)  
Benito Manuel Vega Fernández (PSdeG-PSOE)  
Tamara Sabín Caamaño (PSdeG-PSOE)  
Alejandro Antonio García Sousa (PSdeG-PSOE)  
Germán Gómez Senra (PSdeG-PSOE)  
Ana María Díaz López (PP)  
Ana Angeles Arroyo Pérez (PP)  
Cristóbal Colón Leira (PP)  
Kristel Testa Ameneiros (PP)  
Andrés Rodríguez Rodríguez (BNG)  
Verónica Hermida García (BNG)

De seguido a mesa comproba as credenciais da personalidade dos electos en base a certificación que ao Concello remitiu a Xunta Electoral, e o cumprimento por parte dos electos da obriga de ter presentadas as declaracións correspondentes ao rexistro de intereses conforme o artigo 75.7 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, seguindo o modelo de declaración aprobado en Pleno.

## .- TOMA DE POSESIÓN DE CONCELLEIROS ELECTOS E CONSTITUCIÓN DO CONCELLO.-

Intervén o Presidente da Mesa para dicir que cotexadas as credenciais e cumpridos as demais obrigas esixibles aos concelleiros, procede realizar as actuacións necesarias para constituir o Concello coa fórmula de xuramento ou promesa, de conformidade co disposto no artigo 108.8 da LOREG referido á toma de posesión dos concelleiros electos e a continuación a prestar xuramento ou promesa do cargo por cada un dos concelleiros con arreglo a fórmula recollida no RD 707/79, do 5 de abril.

A estos efectos a Secretaria Xeral chama ao concelleiro de maior idade, o concelleiro de maior idade ao de menor idade.

O Presidente da Mesa concede a palabra a Secretaria que da lectura a relación de concelleiros proclamados electos por cada unha das listas e que son os seguintes, que se sitúan cara á Mesa a medida que son chamados por orde alfabético e que van tomando posesión conforme a seguinte fórmula:

¿XURADES OU PROMETEDES POLA VOSA CONCIENCIA E HONOR CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DE CONCELLEIRO DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CON LEALDADE AO REI E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMA NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO?

ANA ANGELES ARROYO PÉREZ; SI PROMETO; SI JURO  
CRISTÓBAL COLÓN LEIRA; SI PROMETO; SI JURO  
ANA MARÍA DIAZ LOPEZ; SI PROMETO; SI JURO  
ROSA ANA GARCÍA LOPEZ; SI PROMETO; SI JURO  
ALEJANDRO ANTONIO GARCÍA SOUSA; SI PROMETO; SI JURO  
GERMÁN GÓMEZ SENRA; SI PROMETO; SI JURO  
ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ; SI PROMETO; SI JURO  
VERÓNICA HERMIDA GARCIA; SI PROMETO; SI JURO  
ANDRÉS RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ; SI PROMETO; SI JURO  
SERGIO SAAVEDRA GUTIERREZ; SI PROMETO; SI JURO  
TAMARA SABÍN CAAMAÑO; SI PROMETO; SI JURO  
KRISTEL TESTA AMENEIROS; SI PROMETO; SI JURO  
BENITO MANUEL VEGA FERNÁNDEZ; SI PROMETO; SI JURO

**Concluído o acto de toma de posesión e dándose cumprimento á normativa legal, a Mesa declara CONSTITUIDA A CORPORACIÓN MUNICIPAL, xurdida tralas Eleccións Locais celebradas o 28 de maio para o mandato 2023-2027.**

**.- ELECCIÓN DE ALCALDE E TOMA DE POSESIÓN.-**

O Presidente da Mesa de idade anuncia que se vai proceder a elección de Alcalde e con carácter previo a Secretaria xeral da lectura ao contido dos artigos 196 da LOREG e 40 do ROF.

O Presidente da Mesa indica que proceda agora a elección de Alcalde podendo ser candidatos todos os concelleiros que encabecen as súas correspondentes listas e pregunta:

**¿ALGÚN CANDIDATO RETIRA Á SÚA CANDIDATURA A ALCALDE?**

Todos os candidatos manteñen a súa candidatura a Alcalde, polo que a Secretaria sinala que serán candidatos a Alcalde deste concello os seguintes concelleiros:

DON ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ – PSdeG- PSOE

DONA ANA MARÍA DÍAZ LÓPEZ – PP

DON ANDRÉS RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ – BNG

Polo Presidente invitase aos concelleiros electos a pronunciarse en canto ao sistema de votación e levase a cabo nominal, non existindo ningunha opinión contraria; preguntando o Sr. Presidente a cada un dos concelleiros, obténdose o resultado seguinte:

CANDIDATOS

Nº VOTOS OBTIDOS

DON ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ – PSdeG- PSOE; 7 VOTOS

DONA ANA MARÍA DIAZ LOPEZ – PP; 4 VOTOS

DON ANDRÉS RODRIGUEZ RODRIGUEZ – BNG; 2 VOTOS

**Acto seguido a Secretaria municipal proclama para o mandato 2023-2027 que a Alcaldía recae en DON ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, pertencente á lista do PSdeG-PSOE, ao representar os votos obtidos (7) a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación (13).**

En consecuencia, e dacordo co artigo 18 do RD Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 40.2 do ROF, o Presidente da Mesa da lecutra á fórmula de acatamento do seguinte literal:

¿XURA OU PROMETE POLA SÚA CONCIENCIA E HONOR CUMPRIR FIELMENTE AS OBRIGAS DO CARGO DO CONCELLO DE VALDOVIÑO CON LEALDADE AO REI, E GARDAR E FACER GARDAR A CONSTITUCIÓN COMA NORMA FUNDAMENTAL DO ESTADO E ASUMINDO OS DEBERES E ATRIBUCIÓNS QUE LEGALMENTE LLE CORRESPONDEN?

MANIFESTANDOSE O ALCALDE ELEXIDO DA SEGUINTE MANEIRA: SI PROMETO.

Tralo requerimento don ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ promete así o cargo para o que foi elexido (Alcalde), segundo a fórmula establecida anteriormente mencionada recibindo (neste caso mantendo, ao ser elexido Alcalde, o bastón de mando); abandoando o concelleiro e a concelleira de maior e menor idade a Mesa Presidencial, e pasa a presidir a Mesa o ALCALDE, coa seguinte intervención:

“Quero dar as grazas a todos e manifestar que faremos un traballo conxunto con todas as forzas políticas e a veciñanza para continuar facendo de Valdoviño o lugar ideal para vivir e sentir; dúas palabras que nos teñen que guiar día a día nos vindeiros catro anos.

Quero tamén lembrar aos dous alcaldes, José Antonio Vigo e Manuel Villarnovo, que finaron durante o último mandato, e quero dar un agradecemento moi especial aos traballadores municipais pola súa entrega durante a pandemia, así como á veciñanza de Valdoviño por amosar a súa cara máis solidaria.

Quero asegurar que darei todo o meu empeño en dar resposta á confianza depositada e quero insistir no compromiso de todos os concelleiros e concelleiras da Corporación por traballar a favor da veciñanza.

**.- DACIÓN DE CONTA DE ARQUEO EXTRAORDINARIO E INVENTARIO MUNICIPAL.-**

A señora secretaria fai constar que con data 7 de xuño de 2023 enviouse instrucción a intervención e tesourería, a fin de que se efectuara arqueo extraordinario e se prepararan os xustificantes de existencia en metálico ou valores propios da corporación; trámite que foi realizado co seguinte resumo.

Asemade que se preparara e actualizara a documentación relativa o inventario municipal con instrucción remitida en data 8 de xuño de 2023 ao arquitecto municipal, que remite a seguinte documentación resume do inventario.

## ACTA DE ARQUEO EXTRAORDINARIA AO PECHE DAS OPERACIÓNS DO DÍA 16 DE XUÑO DO 2023 REALIZADA POR EL CAMBIO DE CORPORACIÓN

A efectos de dar cumprimento ao disposto no artigo 36.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, se expide a presente Acta de arqueo extraordinaria dos fondos existentes na data 16 de xuño do 2023

SALDOS BANCARIOS		
Entidades contas operativas	Núm. Conta	Saldo
Banco Bilbao Vizcaya Argentaria (BBVA) (5710.0000)	ES62 0182 6244 4802 0015 0826	1.494,10 €
Banco Santander (5710.01471)	ES15 0238 8172 8606 6000 0173	768.678,85 €
Abanca (5710.51961)	ES19 2080 5196 2330 4000 3109	12.992,70 €
Abanca (5710.02131)	ES47 2080 0213 5431 1000 0026	944.134,61 €
Abanca (5710.02132)	ES30 2080 0213 5731 1000 0088	48,19 €
<b>Subtotal</b>		<b>1.727.348,45 €</b>
Entidades contas restrinxida	Núm. Conta	Saldo
Banco Santander	ES68 0049 7712 5928 1002 2121	0,00 €
<b>Subtotal</b>		<b>0,00 €</b>
<b>Total</b>		<b>0,00 €</b>

CAIXA EFECTIVO DA ENTIDADE LOCAL	
Existencia en metálico (Fianzas)	0,00 €
Existencia en cheques	0,00 €
<b>Subtotal</b>	<b>0,00 €</b>
<b>Total</b>	<b>0,00 €</b>

VALORES
---------

Avais bancarios (Fianzas)	1.477.318,10 €
<b>Subtotal</b>	<b>1.477.318, 10 €</b>
<b>Total</b>	<b>1.477.318, 10 €</b>

**Documento asinado electrónicamente.**

Alcalde en funcións, Alberto González Fernández.

A interventora municipal, Elisa Marqués Parrilla.

O Tesoureiro accidental, Senén Martínez Prieto.

**Resumo do inventario camiños municipais**

“Os datos anteriormente transcritos, que son fiel reflexo dos obrantes nos documentos e antecedentes de todo tipo consultados, ofrecen o seguinte resumo xeral:

EPÍGRAFE	Numero de activo dos camiños que comprende	Folios
Valoración 1º Inmables		
EPÍGRAFE 1C - VIAIS MUNICIPAIS	1.586	1 al 1599
9.610.301,42 €		
		<b>TOTAL</b>
		<b>9.610.301,42”</b>

**Resumo do inventario de ben e dereitos**

“Os datos anteriormente transcritos, que son fiel reflexo dos obrantes nos documentos e antecedentes de todo tipo consultados, ofrecen o seguinte resumo xeral:

EPÍGRAFES	Numero de Bens e dereitos que comprende	Folios	Valoración
<b>1º Inmables</b>			
EPÍGRAFE 1A - FINCAS URBANAS .....	77	1 al 78	5.961.658,70 €
EPÍGRAFE 1B - FINCAS RUSTICAS .....	60	1 al 61	667.576,14 €
EPÍGRAFE 1D - OUTROS BENS .....	29	1 al 29	157.870,00 €
EPÍGRAFE 1E - CESIÓN A VIAIS E COMPRA DE TERREOS A VIAIS			
1E1 - Cesións obrigatorias a viais		1 al 0	€
EPÍGRAFE 1F - INFRAESTRUCTURAS			
1F2 – Saneamento .....		1 al 0	€
1F3 -Abastecemento .....		1 al 0	€
1F1 - Alumeado .....		1 al 0	€
<b>2º Dereitos Reais .....</b>	<b>9</b>	<b>1 al 9</b>	<b>349.948,19 €</b>

<b>3º Mobles de Carácter Histórico, Artísticos .....</b>	1 al 0	€	
<b>4º Valores mobiliarios Créditos e Dereitos de carácter persoal.</b>			
EPÍGRAFE 4A - CREDITOS E DEREITOS .....	1 al 0	€	
EPÍGRAFE 4B - VALORES MOBILIARIOS .....	1al 0	€	
<b>5º Vehículos .....</b>	1al 0	€	
<b>6º Semoventes .....</b>	1 al 0	€	
<b>7º Mobles non comprendidos nos anteriores enunciados.</b>			
EPÍGRAFE 7.1 - BENS SIMPLES .....	1 al 0	€	
EPÍGRAFE 7.2 - BENS POR CANTIDADE .....	1 al 0	€	
<b>8º Bens e Dereitos revertibles .....</b>	2	1 al 2	1.055.861,23 €
<b>9º Bens Adscritos .....</b>	2	1 al 2	€
<b>TOTAIS</b>			<b>8.192.914,26</b>

Ascende o valor total dos bens e dereitos pertencentes a esta Corporación na data de confección do presente inventarios, á cantidade de euros 8.192.914,26 €.”

Resumo do inventario camiños municipais do Concello de Valdoviño.

<b>“EPÍGRAFES</b>	<b>Numero de Activo dos camiños que comprende</b>	<b>Folios</b>	<b>Valoración</b>
<b>1º Inmobles</b>			
EPÍGRAFE 1C – VIAIS MUNICIPAIS .....	1.586	1	al 1.599
9.610.301,42 €			
<b>TOTAL</b>			<b>9.610.301,42 €</b>

Ascende o valor total dos camiños municipais pertencentes a esta Corporación na data de confección do presente inventario, a cantidade de euros 9.610.301,42 €.”

Deuse cumprimento ao disposto no artigo 86 TRRL, artigo 36.2 do ROF e artigo 33.2 RBEL.

O inventario municipal atópase a disposición dos novos concelleiros por un prazo de 5 días, trala toma de posesión para que podan consultalo nas dependencias municipais e para que realicen as comprobacións e formulen as alegacións que estimen oportunas.

Por último, intervén o sr. alcalde, dicindo:

“ Quero dar as grazas a todos os asistentes e dicir que traballaremos estes catro anos para e por Valdoviño. Abrimos catro anos de futuro”.

E non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia levanta a sesión sendo ás trece horas e quince minutos do día do encabezamento, de todo o cal se levanta a presente acta que asina o Alcalde conmigo, Secretaria xeral que dou fe.

*/Documento datado e asinado electrónicamente pola secretaria municipal e polo sr. Alcalde na marxe esquerda/*